

DECRETO

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA CONCILIA VERÁN 2026 E ACTIVIDADES DE OCIO 2026

EXPEDIENTE: 2026/G003/000318

ANTECEDENTES:

Figura no expediente a providencia de inicio para a tramitación da convocatoria anual de prazas para as actividades de conciliación e de ocio e tempo libre (campamentos) do verán de 2026, asinada pola alcaldía en data 12/05/2026.

Figura no expediente, acordo da Xunta de Goberno Local do 19/05/2026 para fixar os prezos públicos para a participación nas ditas actividades.

Figura no expediente informe técnico do departamento de Servizos Sociais, coa proposta de procedemento para a xestión da convocatoria de prazas para actividades de conciliación e de ocio e tempo libre do verán 2026, asinado en data 19/05/2026.

Faise mención a que, o desenvolvemento da actividade queda sometida á condición de que se conceda de forma definitiva a subvención correspondente ao Plan Corresponsables 2026, e se xere o correspondente crédito.

Coa finalidade de axilizar a instrución do procedemento de convocatoria de prazas, e coa indicación de que estas non poderán ser adxudicadas sin que anteriormente se produza a dita concesión de subvención, ao abeiro das competencias desta Alcaldía consonte co disposto na base 70 do orzamento, **resolvo:**

1º) Aprobar a proposta de procedemento para a xestión da convocaria de prazas para actividades de conciliación e de ocio e tempo libre (campamentos) do verán 2026, que figuran como anexo I desta resolución.

2º) Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados para os efectos oportunos.

ANEXO I.

Tendo en conta a Providencia de Alcaldía de data 12/05/2026, na que se insta a iniciar o procedemento de convocatoria de prazas para as actividades de conciliación "Concilia Verán 2026" e para as de lecer e tempo libre "Campamentos de verán infantil e Xuvenil 2026", propónse a organización das ditas actividades de acordo coas características que a continuación se relacionan, tendo en consideración que non poderán concederse as prazas para estes servizos ata que se obteña confirmación de concesión da subvención solicitada ao abeiro do Programa "Corresponsables" da Xunta de Galicia, que se prevé en datas próximas.

1. NATUREZA.

1.1. Servizo de conciliación propiamente dito, para a atención de menores de 3 a 12 anos, de xeito que se garanta a atención das crianzas na ausencia das persoas responsables por causas laborais, formativas ou de coidados familiares: actividades matinais ao longo de todo o período non lectivo de verán, que abrangue dende o 22 de xuño ata o 8 de setembro exceptuando os sábados, domingos e festivos (datas pendentes de confirmación da Xunta para inicio de curso

escolar 2026-2027).

1.2. Servizo de ocio e tempo libre, como facilitador dun lugar de encontro e convivencia para menores de 8 a 16 anos, con prioridade para as familias que precisen conciliar: campamentos de pernocta en albergues, con quendas de duración de como mínimo 8 pernoctas, que se levarán a cabo entre o 1 de xullo e o 8 de setembro.

2. QUENDAS, PRAZAS E IDADES.

A organización de quendas, duración, prazas dispoñibles e idades dos participantes, recóllense na seguinte táboa.

	QUENDAS	Nº DÍAS	PRAZAS MÍN-MÁX	IDADES	LUGAR
CONCILIA VERÁN	22/06 a 30/06 de 2026	6	20-70	3 a 12 anos	Instalacións municipais ou outras instalacións públicas
	01/07 A 15/07 de 2026	11	20-120		
	16/07 a 31/07 de 2026	12	20-120		
	01/08 a 15/08 de 2026	10	20-80		
	16/08 a 31/08 de 2026	11	20-80		
	01/09 a 08/09 de 2026	6	20-70		
CAMP. INFANTIL	A DETERMINAR	8	90	8 a 16 anos	A determinar
CAMP. XUVENIL	A DETERMINAR	8			A determinar

3. PREZOS.

Con data 19/05/2026 apróbase o Prezo o Público para as actividades de concilia verán e de lecer e tempo libre (Campamentos) para 2026, que poden consultarse no documento de aprobación de prezos públicos (na web).

4. CONSIDERACIÓNS SOBRE A UNIDADE FAMILIAR.

Aos efectos de valorar a RPC, considérase unidade familiar para esta convocatoria a conformada por:

4.1. Pais e nais (ou titores/as ou acoledores/as legais) das persoas menores para as que se solicita praza.

4.2. De non achegarse sentenza de asignación de garda e custodia e/ou de pensión de alimentos, entenderase que non existe separación, polo que ambos/as proxenitores/as, titores/as ou persoas acoledoras, formarán parte da unidade familiar aínda non figurando empadroadas ou non convivindo.

4.3. No suposto de separación legal ou divorcio, computarase na unidade de convivencia, de existir, novo/a cónxuxe ou persoa unida por análoga relación coa persoa solicitante.

4.4. Os/as outros/as descendentes do pai/nai, acolledores/as, titores/as ou nova parella, que sexan menores de 25 anos sen ingresos superiores ao IPREM anual durante o exercicio anterior, ou con discapacidade igual ou superior ó 65%, ou incapacitación xudicial, sempre que estas persoas:

4.4.1. Figuren empadroadas e residan no domicilio familiar permanentemente e, en calquera caso, dende o 31.12.2025, ou ben,

4.4.2. Se atopen en situación de custodia compartida, en cuxo caso poderán non aparecer empadroadas en Brión, e contabilizarán como 0'5 persoas para o cálculo da RPC en lugar de 1 (pártese do suposto de que só dependen da unidade familiar actual o 50% do tempo)

4.5. Ademais, teranse en conta acerca da conformación da unidade de convivencia, estas outras consideracións:

4.5.1. A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas similares, non rompe a convivencia a estes efectos.

4.5.2. En ningún caso terá a consideración de membro computable:

- O agresor nos casos de violencia de xénero.
- Os/as fillos/as conviventes durante os períodos establecidos como visitas e que teñen atribuída a custodia exclusiva ao/a outro/a proxenitor/a.

5. REQUISITOS PARA PARTICIPAR.

5.1. Para actividades de conciliación matinais, ter nacido entre o 01/01/2014 e o 31/12/2022.

5.2. Para campamentos de pernocta, ter nacido entre o 01/01/2010 e o 31/12/2017.

5.3 Tanto as persoas solicitantes como as menores para as que se solicita praza en ambas modalidades, deben estar empadroadas no Concello de Brión, con data anterior á publicación da convocatoria de prazas, coas únicas excepcións de ser menores participantes no programa "Vacaciones en Paz", ou de que se atopen en réxime de custodia compartida.

6. CRITERIOS PARA ESTABLECER A ORDE DE PRIORIDADE NO ACCESO.

6.1. Familias con certificado de monoparentalidade, que acrediten documentalmente a necesidade de conciliar por razóns laborais, formativas, ou por ter outras cargas (coidado doutros/as menores de 3 anos ou ser coidador/a recoñecido/a de persoa dependente en grado III).

6.2. Familias nas que ambos/as responsables acrediten documentalmente a necesidade de conciliar, por razóns laborais ou formativas, ou ben que algún/algunha deles/as acredite ter outras cargas (coidado de menores de 3 anos ou ser coidador/a recoñecido/a de persoa dependente en grado III)

6.3. Familias nas que ambos/as responsables acrediten documentalmente ser dependente con necesidade de coidados, e coidador/a recoñecido/a, respectivamente.

No caso de que as prazas postas a disposición resultasen insuficientes para atender as solicitudes destes supostos con prioridade, outorgaríase preferencia no acceso por estrita orde de menor a maior Renda per Cápita.

Si despois de atender as solicitudes con prioridade 1, 2 e 3 quedasen prazas vacantes, atenderíanse as demais solicitudes cos seguintes criterios de prioridade:

6.4. Familias cuxos/as responsables acrediten o resto de circunstancias recollidas no "Plan Corresponsables 2026" (Artigo 7.1 da Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Plan Corresponsables en Galicia dirixido a entidades locais, a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro e a asociacións de nais e pais do alumnado de centros educativos, e se convocan para o ano 2026", a saber: vítimas de violencia de xénero, persoas con discapacidade, solicitantes de protección internacional, en risco de exclusión social tecnicamente valorada polos Servizos Sociais do Concello de Brión.

6.5. Se persistise a dispoñibilidade de prazas vacantes, atenderíase ao resto de solicitudes por estrita orde de menor a maior Renda per Cápita.

Para o caso de que se produciran baixas ao longo do tempo de desenvolvemento do servizo, crearase unha lista de agarda ordenada por quendas.

7. PROCEDEMENTO PARA PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

7.1 MODO DE PRESENTACIÓN:

- Preferentemente ao través da Sede Electrónica do Concello de Brión (<https://sede.concellodebrión.org/>).
- Presencialmente no rexistro auxiliar do Centro Social Polivalente, de 9:00h a 14:00h
- Por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

7.2 DOCUMENTACIÓN A ACOMPAÑAR:

EN TODOS OS CASOS DEBERÁ PRESENTARSE:

- Solicitude cuberta e asinada polo representante legal solicitante (ANEXO I -na web).
- Orde de domiciliación bancaria (ANEXO IV- na web).
- DNI da persoa solicitante.
- Libro de familia ou partidas de nacemento dos/as menores para quen se solicita praza e máis de outros/as descendentes conviventes que sexan dependentes economicamente da unidade familiar (segundo apartado 4.b).
- Tarxeta sanitaria dos/as menores para quen se solicita praza en campamentos.
- Declaración do IRPF do 2024 ou, se non se tivera presentado, certificado negativo de facenda acompañado dos xustificantes de ingresos, de ambos/as responsables legais.
- En caso de separación ou divorcio, convenio regulador con indicación de custodia e no

seu caso importes actualizados das pensións de alimentos recoñecidas.

PARA ACCESO PRIORITARIO (segundo as circunstancias que se aleguen):

- ANEXO II (na web) xustificativo de que as persoas solicitantes traballan ou realizan formación durante os días e horarios da quenda solicitada (se xa poden xustificar traballo na quenda de concilia natal 2026-27 poderán informalo e non terán que solicitalo novamente).

O anexo debe ser cuberto e asinado pola empresa contratante ou a entidade formadora. Tamén será válido o informe ou certificado propios da empresa ou entidade formadora, sempre que queden claramente reflectidos os datos da persoa traballadora e a ocupación durante as datas e horarios concretos para os que solicita servizos de conciliación.

- Certificado de monomarentalidade ou monoparentalidade.
- Resolución de dependencia en grado III
- Certificado de discapacidade
- Xustificación da condición de vítima de VX
- Xustificante de solicitude de protección internacional .

O Concello comprobará de oficio o empadramento e a convivencia da unidade familiar para cada solicitude.

A documentación entregada en convocatorias anteriores (Concilia Entroido e Pascua 2026) que, a consideración das persoas solicitantes manteña a súa validez na data de presentación da nova solicitude (concilia verán 2026), poderá non ser presentada.

A modo de exemplo: declaracións do IRPF de 2024, DNI sempre que coincida a mesma persoa solicitante, tarxeta sanitaria do menor, libro de familia, convenios reguladores, informe médico no caso de alerxias, tratamentos, necesidades especiais do/a menor, conta bancaria para a domiciliación...

8. PROCEDIMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS:

8.1. O procedemento para a adxudicación das prazas iniciárase unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, mediante a comprobación do cumprimento dos requisitos e da achega da documentación acreditativa.

A instrución do procedemento corresponderá ao persoal do Departamento de Servizos Sociais, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos.

8.2. Elaborarase por parte do órgano instrutor unha proposta de resolución provisional que se publicará na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello.

8.3 Con esta resolución, outorgarase un prazo para que, preferentemente a través da sede electrónica do Concello, as persoas solicitantes podan:

- Se non obtiveron praza, alegar o que consideren oportuno e emendar a solicitude.

- Presentar a documentación que se lles require para completar o expediente.
- Solicitar a renuncia a parte ou á totalidade dos servizos que se conceden provisionalmente, antes de que a resolución sexa definitiva e se execute o cobro das taxas correspondentes por parte do Concello (ANEXO III- na web).

8.4. Transcorrido o prazo para alegar, emendar ou renunciar, o órgano instructor elevará proposta de resolución definitiva para que sexa sometida a aprobación pola Alcaldía, que se publicará na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello.

As publicacións das resolucións provisional e definitiva levaranse a cabo unicamente co número do documento de identidade que as persoas solicitantes indicasen na solicitude e coas iniciais dos/as menores beneficiarios/as.

9. PAGAMENTO, BAIXAS E DEVOLUCIÓN DE COTAS.

9.1. PAGAMENTOS:

Unha vez publicada a resolución definitiva, o Concello de Brión iniciará o procedemento para o cobramento a través de orde de domiciliación, da totalidade do importe de todos os servizos nos que obtivesen praza definitivamente.

9.2. BAIXAS E DEVOLUCIÓN DE COTAS:

Unha vez publicada a listaxe definitiva, as solicitudes de baixa, anulación e reintegro de cotas, farase a través da presentación do ANEXO III na sede electrónica do Concello ou presencialmente no rexistro auxiliar de Servizos Sociais.

En canto á solicitude de devolución de cotas, unicamente serán atendidas si existe unha razón documentada que xustifique a baixa ou anulación da praza concedida, ou ben, unha vez rematado por completo o período de actividades, porque o órgano xestor informe de que a praza puido ser cuberta dende a lista de agarda. Do contrario, non se realizará devolución de cota. En calquera caso, a xestión por parte do Concello da devolucíóns de cotas, será levada a cabo unicamente cando remate por completo o período de actividades.